

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2017/18.*

Co obxecto de dar continuidade ao proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) para o curso 2017/18, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, resolve anunciar:

Primeiro. Que na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)) estará dispoñible a convocatoria de selección de centros para participar no proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) para o curso 2017/18.

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Que os centros deberán cubrir a solicitude que figura como anexo I da convocatoria e dirixila á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Manuel Corredoira López  
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

